



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O DESENVOLVEMENTO DO MASTER EN DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E INNOVACIÓN

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora da Axencia Galega de Innovación da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

DECLARA:

Que a Axencia Galega de Innovación ten previsto formalizar coa Universidade de Santiago de Compostela, o instrumento convencional arriba referido, que estará en vigor desde a data da súa sinatura ata o 30/12/2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular as bases de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e a Universidade de Santiago de Compostela para instrumentar unha subvención para a realización e desenvolvemento dos estudos conducentes ao título de Master Universitario en Desenvolvemento Económico e Innovación (DEIN).

Existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

1. Que a Axencia Galega de Innovación é unha axencia pública autonómica encadrada nas entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da





Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, tal e como se recolle no Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos (modificado polo Decreto 15/2014, de 6 de febreiro).

2. Que a Axencia Galega de Innovación está adscrita á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e conta con personalidade xurídica propia diferenciada respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, patrimonio e tesourería propios e autonomía de xestión nos termos que precisen as leis.

3. Que os estatutos da Axencia Galega de Innovación atribúen a mesma, entre outras funcións: a ordenación, planificación, coordinación, execución e seguimento das competencias en materia de fomento da investigación que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do establecido no artigo 27.19º do Estatuto de autonomía de Galicia; a promoción, xestión e execución do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica, asumindo a súa coordinación, seguimento e avaliación.

4. Que a Lei 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, no artigo 2º do apartado 2d) recoñece ás Universidades autonomía para a elaboración de plans de estudos e investigación; así mesmo, o artigo 39.3 establece que a universidade asume, como un dos seus obxectivos esenciais, o desenvolvemento da investigación científica, técnica e artística e que atenderá tanto á investigación aplicada como á básica. Como se pon de manifesto nos diferentes apartados do artigo 41 desa mesma Lei, co fomento da investigación científica e o desenvolvemento tecnolóxico preténdese asegurar o fomento da calidade e da competitividade internacional da investigación desenvolvida polas Universidades; a coordinación da investigación entre diversas Universidades e centros de investigación, así como a creación de centros ou estruturas mixtas entre as Universidades e outros organismos públicos e privados de investigación, e, no seu caso, empresas; a vinculación entre a investigación universitaria e o sistema produtivo, como vía para articular a transferencia dos coñecementos xerados e a presenza da Universidade no proceso de innovación do sistema produtivo e das empresas; a xeración de sistemas innovadores na organización e xestión polas Universidades do fomento da súa actividade investigadora, da transferencia dos resultados da investigación e da captación de recursos para o seu desenvolvemento.





5. Que o Master de desenvolvemento económico e innovación (DEIN) é un Master Oficial da USC que ofrece formación avanzada en xestión da innovación e no desenvolvemento sustentable e a economía circular a nivel xeral, rexional e local cun deseño interdisciplinar que incorpora formación teórica e ferramentas de análise, xestión e deseño de políticas nestes ámbitos. Está orientado especialmente a titulados en Economía e Administración e Dirección de Empresas e tamén a titulados en outras ciencias sociais como Políticas, Socioloxía, Xeografía, Información, Dereito e outras como Enxeñerías Industriais e Agrarias, Ciencias experimentais ...

O Master DEIN capacita aos alumnos para saídas profesionais nos campos da:

- Xestión da I+D e innovación en empresas e institucións públicas, centros tecnolóxicos, etc;
- Xestión de plans e proxectos de desenvolvemento sustentable e circular a nivel local e rexional;
- Consultaría especializada en innovación, eco-innovación, economía circular, estratexias competitivas, desenvolvemento rexional e local sustentábel e economía circular.

A formación adquirida tamén permite aos alumnos continuar a carreira como investigador nos programas de doutoramento (Master DEIN de acceso directo ao Programa de Doutoramento Economía e Empresa).

6. Que a Axencia Galega de Innovación ten interese en apoiar economicamente o desenvolvemento do citado Master coa finalidade de mellorar na comunidade autónoma galega a formación dos seus titulados en xestión da innovación producida en Galicia e no desenvolvemento sustentable da nosa Comunidade Autónoma.

7. Que como se pode deducir dos puntos anteriores, e en cumprimento do establecido no artigo 26.2 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, os obxectivos que se perseguen con este convenio responden aos fins perseguidos por GAIN de fomentar a formación da innovación. Así mesmo, dada a especificidade do obxecto do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública para esas accións, xa que se trata de actividades formativas de carácter singular promovidas pola USC.





8. Que os convenios de concesión directa de axudas están expresamente previstos, con carácter excepcional, no artigo 19.4 da *Ley 9/2007*, do 13 de xuño, de *subvenciones de Galicia* (LSG) segundo o cal estes convenios serán posibles sempre que "(...) se acrediten razones de interés público, social, económico o humanitario, u outras debidamente justificadas que dificulten su convocatoria pública".

Que á vista do anteriormente exposto quedan acreditadas as razóns de interese público, social e económico, e a converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

9. Que a Axencia Galega de Innovación contribuirá economicamente ao desenvolvemento do Master DEIN, mediante unha subvención de seis mil euros (6.000,00 €) á Universidade de Santiago de Compostela, con cargo á aplicación orzamentaria 09.A2.561A.744.0 (código de proxecto 2015 00016).

10. Que os importes da subvención outorgada pola Axencia destinaranse a cubrir os gastos detallados na seguinte desagregación:

Colaboración económica Master DEIN	
Gastos de xestión ordinarios Coordinación de eventos (contacto con potenciais poñentes, documentos previos, preparación de eventos, etc.) Elaboración e distribución de material (material de comunicación e difusión, axenda final, mailing, etc.)	2.500,-€
Custos loxísticos e de viaxe Gastos desprazamentos dos poñentes Xestión loxística dos eventos para a realización online Retribución de poñentes	3.500,-€
TOTAL	6.000,-€

11. Que a Universidade de Santiago de Compostela obrígase á organización e realización do Master DEIN. En xeral, a Universidade asume os seguintes compromisos:

- Presentar previamente á sinatura do convenio:
 - Certificacións que acrediten que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, en cumprimento dos artigos 11.e) da





Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Estes certificados poderán ser substituídos pola declaración responsable da entidade beneficiaria de estar o día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte a Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma conforme o artigo 11 do Regulamento da Lei 9/2007.

- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración complementaria das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos ou sociedades. De ser o caso, deberá achegarse unha copia simple da resolución da concesión desas outras axudas.
- Organizar e dirixir o curso, segundo os contidos e condicións que se inclúen na Memoria do título.
- Facer constar a colaboración da Axencia Galega de Innovación, mediante a súa indicación na páxina web e no material de difusión, constando o logotipo institucional da Xunta de Galicia en toda a documentación que se produza na preparación, organización e realización do Master, ou como consecuencia deles.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
- Cumprir os requisitos para poder obter a condición de beneficiaria ou entidade colaboradora establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e tamén deberá cumprir o resto das obrigas recollidas no artigo 11 da devandita lei e na Lei 38/2003, de 17 novembro, xeral de subvencións.
- Comunicarlle á Axencia Galega de Innovación a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas e con anterioridade á sinatura deste convenio, presentarán





declaración de non ter percibido outras axudas polas actividades subvencionadas neste convenio.

12. Que, de conformidade co establecido no artigo 31.4 da *Ley 14/2013*, do 26 de decembro, *de racionalización del sector público autonómico*, relativo á contratación sustentable, *"Los convenios suscritos por la Administración general de la Comunidad Autónoma y las entidades instrumentales del sector público autonómico podrán ser objeto de modificación cuando tengan como finalidad el logro de los objetivos de estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera. Dichas modificaciones tendrán por objeto la reducción del volumen de las obligaciones o la ampliación de su plazo de ejecución"*.

13. Que o réxime de pagamentos previsto no convenio contempla un único pagamento, logo de que a Universidade de Santiago de Compostela remita a correspondente xustificación, descrita a continuación, antes do 3 de novembro de 2023. Os gastos financiáveis irán dende o 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de outubro de 2024.

A xustificación da subvención por parte do beneficiario, segundo o sinalado no artigo 48 do Decreto 11/2009, realizarase mediante a achega de:

- Unha certificación de gastos da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida, acompañada dunha relación clasificada dos gastos e investimentos das actividades obxecto do convenio, coa identificación dos conceptos subvencionables, os provedores e as facturas ou documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou eficacia administrativa, os importes, datas de emisión e datas de pago.
- Unha memoria explicativa das actividades recollidas na cláusula sexta do convenio:
 - Organizar e dirixir o Máster, segundo os contidos e condicións que se inclúen na Memoria do título.
 - Facer constar a colaboración da Axencia Galega de Innovación, mediante a súa indicación na páxina web e no material de difusión, constando o logotipo institucional da Xunta de Galicia en toda a documentación que se produza na





preparación, organización e realización do Máster, ou como consecuencia deles.

Nesta memoria, deberán incorporarse todos os documentos e fotos necesarios para a xustificación da realización destas actividades,

- Declaración complementaria das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos ou sociedades. De ser o caso, deberá achegarse unha copia simple da resolución da concesión desas outras axudas.
- Certificados acreditativos de estar ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Estes certificados poderán ser substituídos pola declaración responsable da entidade beneficiaria de estar o día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte a Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma conforme o artigo 11 do Regulamento da Lei 9/2007.

14. Que, tendo en conta a imposibilidade de calcular o importe exacto das actuacións previstas no marco do convenio e que, polo tanto, a distribución detallada do orzamento recollida na cláusula cuarta do mesmo ten un carácter estimativo, a USC, con previa comunicación a Gain, poderá realizar modificacións entre os diferentes conceptos de gasto recollidos sempre que se trate de minoracións iguais ou inferiores ao 20% dos importes previstos para cada concepto de gasto. Estas minoracións, que non precisarán informe previo favorable da Comisión Mixta estipulada na cláusula décimo primeira, incrementarán as dotacións doutros conceptos de gasto. Estas modificacións non poderán supoñer un incremento da subvención establecida nin modificar os importes da subvención prevista nin as condicións de xustificación recollidas no convenio.

Á petición do beneficiario e previo informe favorable da Comisión Mixta, GAIN poderá autorizar modificacións na distribución do gasto entre conceptos de gasto que supoñan minoracións nalgún deles superiores ao 20% das previsións. Estas minoracións incrementarán as dotacións doutros conceptos de gasto.





15. Que no caso de que para a realización das actividades obxecto do presente convenio se precise recorrer a contratación externa, esta deberá rexerse polo estipulado no artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e o artigo 43 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba el regulamento do citado texto legal.

16. Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, xustifícase na presente memoria o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, no lugar e data que se indica na marxe.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

A directora da Axencia Galega de Innovación

Carmen Cotelo Queijo

